- 1.- Cal é o importe total que destina a Consellería do Mar para estas axudas extraordinarias de compensación aos mariscadores a pé, dentro do Plan Avantemar?



- 2.- Concretamente, cal é o importe máximo da axuda para cada mariscador dentro do Plan Avantemar?
- 3.- Cal é o obxectivo que persegue esta orde de axudas dentro do Plan Avantemar?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:35:38

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:35:49

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:36:01

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:36:10

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:36:16

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:36:29

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:36:41



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector pesqueiro galego tivo un papel fundamental durante a alerta sanitaria polo coronavirus e cumpriu coa súa condición de sector esencial.

Fixo un grande esforzo, a pesar dos riscos que supuña, para garantir o subministro de alimentos de calidade á cidadanía. Sen embargo, a actividade marítimo-pesqueira veuse seriamente afectada, ao igual que o resto de sectores económicos, polas medidas adoptadas para frear a pandemia da Covid-19, especialmente nos meses de confinamento.

Sabemos que a Consellería do Mar non ficou parada e dende o primeiro momento levou a cabo valoracións sobre a afectación no sector pesqueiro galego derivada da crise sanitaria e económica pola Covid-19. Un dos colectivos que máis se resentiu como consecuencia do freo da actividade pesqueira durante a pandemia foi o das redeiras.

A isto súmase a imposibilidade para moitas persoas deste sector de acceder á prestación por cese de actividade.

En suma, as agrupacións de redeiras que existen pola costa galega abranguen a máis de 250 persoas, a maioría delas son mulleres, que traballan na confección e reparación de redes. Ante esta situación, sabemos que a Consellería do Mar puxo en marcha un Plan de Reactivación Marítimo-Pesqueiro de Galicia, coñecido como AVANTEMAR.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o importe total que destina a Consellería do Mar para estas axudas extraordinarias de compensación ás redeiras, dentro do Plan Avantemar?, Concretamente, en que se materializa esta axuda para cada redeira?
- 2.- Cal é o obxectivo que persegue esta orde de axudas dentro do Plan Avantemar?



Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:37:14

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:37:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:37:39

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:37:49

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:37:55

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:38:05

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:38:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector pesqueiro galego tivo un papel fundamental durante a alerta sanitaria polo coronavirus e cumpriu coa súa condición de sector esencial.

Fixo un grande esforzo, a pesar dos riscos que supuña, para garantir o subministro de alimentos de calidade á cidadanía. Sen embargo, a actividade marítimo-pesqueira veuse seriamente afectada, ao igual que o resto de sectores económicos, polas medidas adoptadas para frear a pandemia da Covid-19, especialmente nos meses de confinamento.

Sabemos que a Consellería do Mar non ficou parada e dende o primeiro momento levou a cabo valoracións sobre a afectación no sector pesqueiro galego derivada da crise sanitaria e económica pola Covid-19.

Sabemos que na industria transformadora, as perdas poden acadar o 10%, isto é, uns 500 M€, minguada esta caída grazas á alta demanda destes produtos para o consumo doméstico.

Sen embargo, esta industria viuse alterada tamén no tinxinte ás dinámicas de traballo e polo necesario distanciamento social obrigando a variar quendas e liñas de produción.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o importe total que destina a Consellería do Mar para estas axudas extraordinarias de Transformación dentro do Plan Avantemar?
- 2.- Cal é o obxectivo que persegue esta orde de axudas dentro do Plan Avantemar?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:38:50

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:39:01

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:39:15

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:39:24

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:39:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:39:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:40:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, iniciaba a primeiros de xullo a licitación dun conxunto de estudos ambientais e proxectos de dragaxe para diversos peiraos autonómicos.

Sabemos que a atención das dragaxes é unha prioridade para o ente público, e cómpre lembrar que as dragaxes son obras de grande complexidade polo que a súa tramitación pode dilatarse no tempo e obriga a un traballo técnico permanente.

Dado que a gran maioría destas actuacións de dragaxe dentro de infraestruturas portuarias que afectan á lámina de auga, precisan dunha tramitación ambiental, a este Grupo Parlamentario parécelle moi boa idea a posta en marcha polo ente público de licitar conxuntamente estes traballos técnicos previos, para ter unha visión conxunta de todos eles e unha planificación común con prioridades e necesidades definidas.

Por todo iso, os deputados asinantes formulan as seguintes cuestións:

1. Cal é o orzamento co que conta o ente público Portos de Galicia para levar a cabo estes traballos técnicos para a dragaxe dentro das infraestruturas portuarias de Galicia?
2. Cantos portos se verán beneficiados e cales son?
3. Que prazos manexa a Consellería do Mar para levar a cabo estas obras de dragaxe?
4. Que balance fai dos traballos de dragaxe efectuados nos últimos tempos nos peiraos autonómicos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:40:42

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:40:56

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:41:10

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:41:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:41:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:41:34

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:41:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Nos últimos anos estamos a observar unha maior presenza de residuos no medio mariño que proceden da actividade humana e que poñen en serio risco a supervivencia da biodiversidade mariña.

Temos que poñer de manifesto, que só o 15% destes residuos teñen que ver coa actividade pesqueira, o resto teñen que ver con malas prácticas de todas e todos nós, á hora de depositar os refugallos tanto na praia, nos portos, paseos marítimos, como en embarcacións de recreo, etc..

Por isto, cremos necesario apelar á concienciación da xente para que recicle de xeito correcto e empregue cada vez menos plástico, a pesares do emprego masivo desde método para envolver os produtos. Segundo os investigadores, o 80% do lixo mariño está formado por plásticos, a maioría deles dun só uso, e que as pezas dese material fragmentadas son as que lideran a lista dos desperdicios máis frecuentemente atopados no medio mariño, así como as cabichas, os restos de aparellos de pesca ou os envases e tapóns.

Neste senso, unha das medidas adoptadas pola Consellería do Mar para tentar afrontar esta situación é publicación no Diario Oficial de Galicia do 5 de febreiro dunha orde de axudas para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sostibles mediante a recollida de residuos mariños.

Sabemos que a Conselleira do Mar visitaba a primeiros de setembro un destes proxectos que foron subvencionados grazas a estas axudas, e que foi desenvolvido pola Confraría de Noia.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que obxectivos busca esta orde de axudas para a protección e recuperación da Biodiversidade e dos ecosistemas mariños?
- 2.- Cantos proxectos foron seleccionados e a cantas persoas implicará ?



- 3.- Cal é o importe das axudas concedidas para a protección e recuperación da Biodiversidade e dos ecosistemas mariños?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:42:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:42:32

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:42:45

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:42:54

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:43:03

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:43:14

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:43:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Daniel Vega Pérez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e José Manuel Balseiro Orol, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Se ben non é definitiva, a proposta inicial da Comisión Europea sobre os Totais Admisibles de Capturas (TAC) e cotas de pesca para o 2021 é negativa para Galicia, especialmente para o caladoiro Cantábrico e Noroeste.

Resulta, ademais, incompleta, ao excluír os caladoiros do Gran Sol e Francia á espera de que conclúan as negociacións entre a UE e o Reino Unido sobre a relación post Brexit, xa que un dos principais puntos de incerteza é o futuro acceso da frota comunitaria ás augas británicas. Tampouco pode esquecerse que hai especies de relevancia para a frota como a xarda ou o lirio (con proposta de recortes iniciais dun 14% e dun 20% respectivamente) que se están a definir no marco da Comisión de Pesqueiras do Atlántico Nordeste e que poden verse melloradas.

Sendo os informes ICES negativos, a proposta supón un recorte do 13% tanto para a pescada sur como para o rape, un 11% para o gallo e un 10% para a anchoa. Mantense o peche da cigala no Cantábrico, que continúa co veto imposto en 2016, sendo o único TAC de cigala polo que a Comisión non agardou polo informe ICES para realizar a súa proposta. E increméntase un 5% o xurelo das augas de Fisterra cara ao sur cunha proposta do ICES en positivo mais coa negativa do Consello Consultivo de Peláxicos.

O resultado final decidiuse no Consello de Ministros de Pesca de decembro no que Galicia volveu a representar ás comunidades autónomas e no que traballou, como sempre, en base a argumentos sólidos e datos científicos para mitigar eses recortes e suavizar as decisións de impacto da Comisión.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Consellería do Mar sobre os TAC e cotas para 2021 da pescada sur, o rape, o gallo e a anchoa propostos inicialmente pola Comisión Europea?
2. Que valoración fai a Consellería do Mar sobre os TAC e cotas para 2021 da xarda e do lirio, á espera das decisións que tome a Comisión Europea logo das reunións con Noruega e a Comisión de Pesqueiras do Atlántico Nordeste?



3. Que valoración fai a Consellería do Mar sobre o TAC e cota para 2021 da cigala proposto inicialmente pola Comisión Europea, á espera do informe ICES?
4. Que valoración fai a Consellería do Mar sobre o TAC e cota para o 2021 do xurelo, á espera da posible aplicación do plan do Consello Consultivo de Peláxicos?
5. Cales serán os pasos a dar pola Consellería do Mar ante o organismos competentes para facer valer a posición de Galicia no marco das negociacións do Consello de Ministros de Pesca 2020?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:44:05

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:44:18

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:44:31

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:44:40

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:44:47

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:44:58

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:45:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Daniel Vega Pérez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e José Manuel Balseiro Orol, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Na actualidade participan na iniciativa Lonxas Galegas 4.0 un total de 23 poxas.

A iniciativa arrancou no 2016 e enmárcase no proxecto Primare para a modernización do sector do mar, impulsado pola Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia en colaboración coa consellería do Mar, coa que se dota ás lonxas dunha plataforma tecnolóxica única na que se integran os sistemas de xestión, poxa e comercialización, e emisión de notas de venda, contribuíndo á dixitalización das súas actividades fundamentais.

A iniciativa permite as poxas desde dispositivos móbiles, tanto na lonxa como a través de Internet para aqueles compradores autorizados, que non terán que desprazarse e poderán participar en diferentes poxas de forma simultánea.

Asemade, garante a trazabilidade e posibilita a xestión completa de toda a información que intervéen no proceso de comercialización do produto e facilita a xestión interna das confrarías participantes mediante un portal personificado no que poden xestionar a información pública e privada como elemento integrador cos seus socios, axentes operadores e público en xeral.

Entre outros avances que contribúen á dixitalización das lonxas destaca o uso dos caixeiros TICPESC nos portos galegos, que permiten o acceso á administración electrónica para realizar xestións do traballo diario, o que evita desprazamentos innecesarios ás oficinas da Xunta; e a instalación dun sistema de pesado, que permite que os produtos que vaian ser trasladados para a súa primeira venda a un porto distinto ao que se descarguen poidan ser pesados no momento do desembarque, en cumprindo da norma comunitaria.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Consellería do Mar sobre a evolución do proxecto Primar para a modernización e transformación dixital do sector do mar?



2. Ata a actualidade, cal foi o nivel de participación de provedores, compradores e beneficiarios na iniciativa Lonxas 4.0?
3. Ten previsto a Consellería do Mar mellorar e dotar de novas funcionalidades á iniciativa Lonxas 4.0? De ser así, de que se trataría e a que colectivos beneficiaría?
4. Que valoración fai a Consellería do Mar sobre a implantación dos caixeiros TICPESC?
5. Ten previsto a Consellería do Mar ampliar a rede de caixeiros TICPESC nos portos galegos?
6. Ten previsto a Consellería do Mar ampliar a rede de sistemas de pesado nos portos galegos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:46:33

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:46:50

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:47:04

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:47:14

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:47:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:47:31

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:48:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Daniel Vega Pérez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e José Manuel Balseiro Orol, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O 26 de decembro de 2019 foi publicada a Orde de axudas para a convocatoria 2020 para investimentos que fomenten a pesca sostible destinada a propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Trátase dun paquete de axudas herdadas do antigo Fondo Europeo de Pesca pero cualitativamente distintas, xa que existen diversas liñas de axudas segundo a súa finalidade, cun alto contido de protección medioambiental e dos traballadores do mar para favorecer a sustentabilidade do sector pesqueiro:

- Limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptar a pesca á protección das especies.
- Mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo.
- Mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático.
- Aumentar o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización de capturas non desexadas.
- E asesorar para fomentar a pesca sustentable.

A Consellería do Mar destinou un importe global próximo aos 900.000 € para favorecer o obxectivo de acadar unha pesca sustentable desde unha perspectiva ambientalmente e socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Consellería do Mar sobre a resolución da Orde de axudas para a convocatoria 2020 para investimentos que fomenten a pesca sostible para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas có FEMP?
2. Cantos proxectos foron aprobados con cargo a cada unha das liñas de axuda que compoñen esta Orde e cal foi o importe executado por cada unha delas?



3. Que valoración fai a Consellería do Mar sobre a evolución do nivel de execución desta Orde nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:48:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:48:57

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:49:10

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:49:18

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:49:26

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:49:38

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:49:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á actividade pesqueira.

Gracias a este impulso, atendéronse moita das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos.

Todas estas accións de mellora e mantemento dos portos buscan poñer en valor as actividades portuarias coa finalidade de impulsar a súa competitividade, eficiencia e sustentabilidade.

Entre as instalacións obxecto de mellora está un dos portos pesqueiros máis importantes do Cantábrico, o de Burela.

Para afondar nesta cuestión, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales foron os principais investimentos executado pola Xunta de Galicia no porto de Burela?
2. Que previsións manexa a Consellería do Mar, en relación con futuras obras a impulsar polo ente público Portos de Galicia neste municipio?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:51:36

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:51:44

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:51:54

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:52:04

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:52:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:52:23

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:52:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á actividade pesqueira.

Gracias a este impulso, atendéronse moita das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos.

Todas estas accións de mellora e mantemento dos portos buscan poñer en valor as actividades portuarias coa finalidade de impulsar a súa competitividade, eficiencia e sustentabilidade.

Entre as instalacións obxecto de mellora está un dos portos pesqueiros máis importantes do Cantábrico, o de Celeiro, así como outras dársenas emprazadas no municipio de Viveiro.

Para afondar nesta cuestión, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cales foron os principais investimentos executado pola Xunta de Galicia no porto de Celeiro e noutras dársenas de Viveiro?
- 2.- Que previsións manexa a Consellería do Mar, en relación con futuras obras a impulsar polo ente público Portos de Galicia neste municipio?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:53:15

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:53:28

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:53:38

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:53:48

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:53:54

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:54:06

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:54:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

É moi habitual achegarse ás instalacións portuarias da Mariña lucense –aínda que é unha práctica común no resto da Comunidade- e comprobar como durante a noite, e prolongándose durante altas horas da madrugada, sobre todo no verán, un gran número de persoas coas súas canas capturan calamar, luriñas ou diversos peixes.

Trátase dunha práctica de pesca recreativa convertida en tradición que, malia non estar autorizada en zonas portuarias, leva producíndose habitualmente sempre e cando non estorben ás descargas e outras operacións dos barcos e se realice en condicións de seguridade e sustentabilidade. Con todo, nos últimos meses, e vinculado ao incremento da vixilancia dos corpos e forzas de seguridade por mor da pandemia do coronavirus, aqueles que a practican pode enfrontarse a sancións económicas.

O Grupo Parlamentario Popular entende que debera estudarse unha fórmula para facer compatible a continuidade desta práctica recreativa, coas condicións propias da actividade dos portos, procurando unha solución para que se poda pescar desde as dársenas dunha forma segura, normalizada e regulamentada.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia estudar unha fórmula para facer compatible coa actividade propia das dársenas portuarias galegas a autorización da pesca deportiva en condicións de seguridade, normalidade e sustentabilidade?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:55:02

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:55:19

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:55:29

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:55:37

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:55:46

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:55:58

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:56:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Teresa Egerique Mosquera, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e José Manuel Balseiro Orol, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á actividade pesqueira.

Gracias a este impulso, atendéronse moita das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos.

Todas estas accións de mellora e mantemento dos portos buscan poñer en valor as actividades portuarias coa finalidade de impulsar a súa competitividade, eficiencia e sustentabilidade.

Entre as instalacións obxecto de mellora están as executadas nas dársenas comercial e pesqueira de Ribadeo.

Para afondar nesta cuestión, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales foron os principais investimentos executado pola Xunta de Galicia no porto de Ribadeo?
2. Que previsións manexa a Consellería do Mar en relación con futuras obras a impulsar polo ente público Portos de Galicia neste municipio?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 13:57:46

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:57:52

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 13:58:03

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 13:58:12

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 13:58:19

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:58:32

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 13:58:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da eurorexión Galiza Norte de Portugal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 3 de novembro tivo lugar unha xuntanza na cidade de Vigo na que participou o vicepresidente primeiro da Xunta e na que se anunciou a elaboración do Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da eurorexión Galiza Norte de Portugal para o período 2021-2027. Como é evidente, un documento destas características, que afecta a máis de unha lexislatura, debería contar co coñecemento e participación do Parlamento galego.

Este Plan estase a tramitar nun contexto marcado pola crise da COVID, o Plan de Reconstrución anunciado pola Comisión Europea e aínda non aprobado e as mudanzas nos orzamentos europeos para o período 2021-2027.

Ademais, dada a importancia das relacións económicas e culturais entre Galiza e o Norte de Portugal e a potencial repercusión neste programa da actual crise sanitaria e económica provocada pola COVID 19, a elaboración do PIC debería acompañarse cos estudos e conclusións da Comisión para a Reactivación do Parlamento Galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, aínda está pendente de exame e avaliación o PIC do período 2014-2020, que debería ser obxecto de coñecemento e debate no Parlamento galego.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

Cal é o grao de cumprimento do Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión do período 2014-2020?

Cales son os obxectivos e liñas prioritarias do PIC do período 2021-2027?

Ten previsto o Goberno galego presentar no Parlamento un informe sobre o desenvolvemento do PIC 2014-2020?

Ten previsto o Goberno galego someter a información e estudo no Parlamento o PIC do período 2021-2027?

Prevé o Goberno galego acompañar a elaboración e aprobación do PIC 2021-2027 cos traballos e conclusións da comisión parlamentaria de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2021 14:02:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2021 14:02:16

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2021 14:02:26





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa e a solicitude de admisión de Galiza como membro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) aprobada en 2018 establece no epígrafe 373 a posibilidade de creación dunha delegación da Xunta de Galiza en Lisboa:

374. Para afianzar o protagonismo de Galicia en España respecto do liderado nas relacións e a estratexia de integración luso-galaico-española, tan pronto como as dispoñibilidades orzamentarias o permitan, habemos de formularnos a posibilidade de que a Xunta de Galicia proxecte permanentemente e coa debida entidade a nosa vocación fraterna en Lisboa, no cultural, no social, no económico e no institucional. Por outra banda, estudarase compatibilizar esta posible creación dunha Delegación coa solicitude ao MAEC de que acolla na Embaixada de España ante a República de Portugal polo menos un conselleiro de cooperación eurorrexional, cun pequeno equipo de funcionarios galegos, que reforce ese obxectivo, e no que se inclúa unha representación do Consello da Cultura Galega en calidade de Observador Consultivo da CPLP, tendo en conta que o Secretariado Executivo da CPLP está en Lisboa sería



preciso regular de modo estable e institucional as relacións de Galicia cos países de lingua portuguesa e servir efectivamente de ponte entre a hispanofonía e a lusofonía.

Transcorridos máis de 2 anos da aprobación da Estratexia, non hai noticias nin da creación da Delegación nin da opción b, claramente reduccionista e insuficiente ao entender deste grupo parlamentar.

Tanto na EGAEX como o proxecto de lei de Acción Exterior e Cooperación centran as relacións con Portugal no ámbito limitado da Eurorrexión, minusvalorando as enormes potencialidades das relacións con Portugal e cos países da Lusofonía nos ámbitos lingüístico, cultural, económico ou da cooperación.

Por outra parte, Galiza xa conta cun instrumento legislativo, a *Lei 1/2014, de 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, que establece no seu artigo 3 que “Deberán ser promovidas as relacións en todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do goberno galego.

A maior abundamento, no mes de outubro do ano 2018, o parlamento aprobou de maneira unánime unha resolución na que se insta ao Goberno galego a impulsar a solicitude de admisión de Galiza como membro na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa e a dotar de orzamento a aplicación da Lei 1/2014.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

Que previsións ten o Goberno galego a respecto da creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que xestións realizou o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario de 2018 sobre a solicitude de admisión de Galiza como membro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa?

Ten previsto o Goberno galego dotar de orzamento a Lei 1/2014 de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía?

Considera necesario o Goberno galego aprobar un Plan plurianual de fomento das relacións cos países de lingua portuguesa?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2021 14:05:44

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2021 14:05:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2021 14:05:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª,** sobre o reparto do fondo COVID da UE para a reactivación Next Generation.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza necesita avanzar económica e socialmente e combater as graves consecuencias da pandemia actual. Para iso, é necesario que o noso país non fiquese atrás no impulso de ferramentas económicas propias nin na obtención de fondos estatais ou europeos. Así mesmo, é necesario un debate amplo e profundo cos axentes sociais e económicos relevantes do país, así como coas universidades e centros de investigación para definir as prioridades. Porén, as actuacións por parte da Xunta de Galiza desde o comezo da lexislatura foron en dirección contraria.

O BNG aposta por consensuar unha estratexia de país no Parlamento para que Galiza non sexa discriminada no reparto do fondo COVID da UE para a reactivación, - Next Generation-, establecendo os criterios de distribución que teñan en conta a realidade do país e que se traduzan nun mínimo de 12.600 M€, o equivalente ao 9% do fondo europeo.

Así mesmo, é fundamental despreparar unha estratexia de país para evitar que os recursos se centralicen desde Madrid e que ese centralismo acapare uns recursos que son importantes para enfrontar a crise económica e social. Finalmente, outra cuestión





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que o Bloque reivindica en relación ao Next Generation é que se destine a reactivar o tecido empresarial galego, as PEMES e aos autónomos e autónomas no lugar de fornecer basicamente proxectos xa previstos por parte das administracións, e incumpridos con Galiza, ou fornecer proxectos de empresas do IBEX35.

É polo tanto necesario e urxente que Galiza teña unha posición proactiva sobre cales son os criterios que deben pivotar ese reparto e corrixir o papel subsidiario que está a adoptar a Xunta de Galiza, así como a súa falta de transparencia ao dialogar exclusivamente cunha lista de empresas elixidas arbitrariamente. Así mesmo, é preciso que Galiza se posicione arredor dun obxectivo claro respecto de que contía aspira a conseguir e que se xere un consenso político arredor de que ámbitos e proxectos deben ser os seleccionados.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que actuacións está a impulsar a Xunta de Galiza para que o noso país teña unha proposta ambiciosa e consensuada para optar aos fondos europeos?

Por que a Xunta practica a unilateralidade para concreción dos proxectos europeos anunciados polo Presidente da Xunta e renuncia a un consenso político de país?

Cando vai dar a coñecer a Xunta os proxectos seleccionados, máis alá dun power point?

Porque non se trasladan ao Parlamento Galego?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E a institucións coma o CES?

Porque non contactou cos axentes sociais?

Por que ignora ás universidades?

E aos concellos galegos?

Que actuacións defendeu a Xunta de Galiza para conseguir a xestión directa dos fondos europeos da covid-19? De que maneira e con que resultado?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2021 16:02:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/01/2021 16:02:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 13/01/2021 16:03:05



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas á existencia de recurso eólico no noso territorio e a un marco regulador que favoreceu a implantación de centrais eólicas.

Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo, chegou a falla de aposta polo sector, unido á inseguridade xurídica creada polo novo goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado isto ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, chegou a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha perda millonaria na inversión en Galicia e a creación de miles de postos de traballo.

No ano 2019, volveu a Galicia o crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica, foi resultado dun marco regulatorio moi determinado, sobre todo a declaración de utilidade pública para os proxectos e a afectación dos terreos, que foi determinante nos distintos procesos de expropiación, este marco regulatorio tivo aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero non establece mecanismos para unha maior participación de propietarios, comunidades rurais e concellos.

En moitos lugares o éxito no crecemento da instalación de parques eólicos, foi consecuencia da falla de oposición social, derivada dunha alta participación comunitaria e individual, pero en Galicia conseguiu levar a cabo sen dita participación, causando co tempo conflitos sociais e medioambientais, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado hai poucas datas e as mobilizacións sociais que existen polos concellos afectados e polo que cómpre actuar.

Nestes momentos no que o sector está a experimentar un relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é importante non repetir os erros cometidos no pasado, dotando



aos propietarios, comunidades rurais e de montes de capacidade para incidir na planificación e desenvolvemento eólico e fórmulas para autoxestionar o recurso do vento, que si existen noutros países.

Cómpre traballar entre todos para introducir mecanismos que fagan posible esta capacidade de planificación e desenvolvemento co estudo de recuperar figuras que existiron na normativa e o estudo doutros novos, aproveitando a experiencia doutros países.

Polos motivos expostos, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego que co relanzamento do sector eólico, debера introducir mecanismos que fagan posible a capacidade de planificación e desenvolvemento eólico con figuras que existiron na normativa e o estudo doutras novas, aproveitando a experiencia doutros países?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/01/2021 16:28:58

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/01/2021 16:29:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a eventual falla de veracidade das manifestacións realizadas polo Goberno Galego ante o Pleno do Parlamento de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión do Pleno do Parlamento de Galiza celebrada o pasado día 10 de decembro de 2020 compareceu o Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da Covid-19, en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento.

Na última quenda de intervención, sen oportunidade de réplica ou duplica por parte dos grupos parlamentares, o sr. Conselleiro, após recoñecer que partilla co BNG o seu compromiso pola mediación familiar intraxudicial e corrixindo expresamente ás manifestacións realizadas minutos antes polo voceiro do grupo parlamentar do BNG, indica que: “Ten mal os datos..” “asinamos convenios nas sete cidades e con todos os colexios, agás Lugo...”

Como queira que as manifestacións realizadas polo sr. Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, máis unha vez, non se corresponden cos dados publicados pola Xunta de Galiza, na que no ano 2020 unicamente constan asinados dous convenios en materia de mediación familiar intraxudicial, celebrados a finais do mes de novembro, cos colexios da avogacía de Vigo e Pontevedra; xurde a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidade de precisar se o Goberno Galego esta a faltar a verdade no Pleno do Parlamento de Galiza ou ben existe unha importante falta de actualización transparencia no rexistro de convenios da Xunta de Galiza non que no consta a existencia dos aludidos convenios para o desenvolvemento do programa de mediación familiar intraxudicial.

A inexistencia de tal recurso para a solución pacífica e consensuada dos conflitos familiares sería de enorme gravidade, mais non sería menor a transcendencia de que o Sr. Conselleiro, deliberada e conscientemente, faltase á verdade ante a cámara de representación da cidadanía galega.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

En que data asinou a Xunta de Galiza os convenios cos colexios da avogacía de Ourense, Lugo, A Coruña ou Ferrol para prestación do servizo de mediación familiar intraxudicial no ano 2020?

En que datas e por que importes fixo a Xunta de Galiza transferencias aos Colexios da Avogacía de Ourense, Ferrol, Lugo, Ferrol e A Coruña para, en cumprimento dos convenio antes indicados para o ano 2020, a prestación do servizo de mediación familiar intraxudicial?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2021 16:30:56

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2021 16:31:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2021 16:31:09



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, Encarna Amigo Díaz, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O comercio de proximidade supón un sector de gran interese, tanto pola súa destacada repercusión no emprego e na actividade económica das nosas vilas, pobos e cidades, como por ser un elemento para a cohesión da vida comunitaria. Ademais, presenta certas vantaxes fronte a outros formatos comerciais como a reinversión das ganancias na contorna máis próxima ou a xeración de ciclos de distribución máis curtos, o que supón un menor impacto ambiental e, por tanto, un modelo de consumo máis sostible.

A pesar destas vantaxes, o comercio de proximidade está a afrontar nos últimos anos retos moi relevantes, como é unha forte competencia doutros formatos comerciais (grandes superficies) ou dos modelos de venda a través da rede internet.

A Xunta de Galicia vén despregando nos últimos anos unha intensa actividade en apoio ao pequeno comercio de Galicia, e da Mariña en particular, co fin de promover melloras na competitividade e organización do sector, facilitar un relanzamento do pequeno comercio e fomentar compras.

Agora ademais, ás axudas de convocatoria ordinaria hai que sumar as dirixidas á reactivación do sector terciario durante a crise sanitaria, interrompida de xeito intermitente polas restricións periódicas derivadas da pandemia, que fan preciso seguir potenciando estas e outras medidas que minoren o impacto que se espera sobre a economía e o emprego deste sector.

Por todo o explicado, as ordes de apoio ordinario unidas á posta en marcha dos plans de reactivación comercial ofrecen un soporte necesario ao sector comercial especialmente relevante nos últimos meses.

Cómpre lembrar que sen estas axudas da Xunta, os pequenos negocios, por diversidade e distribución espacial, non posúen, en moitas ocasións, de estrutura nin capacidade organizativa para actuar de forma individual fronte á actual crise sanitaria e as súas consecuencias.

É polo que, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



- 1- Cales foron os apoios e axudas achegadas pola Xunta de Galicia ao sector comercial da Mariña lucense e na provincia de Lugo nos últimos dous anos?
- 2- Que outras medidas de apoio desenvolve a Xunta de Galicia, dirixidas ao sector do comercio da Mariña lucense, para acadar a reactivación comercial tras a crise sanitaria?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 16:13:05

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 16:13:32

María Elena Candia López na data 13/01/2021 16:13:47

Raquel Arias Rodríguez na data 13/01/2021 16:14:06

Ramón Carballo Páez na data 13/01/2021 16:14:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2021 16:14:40

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2021 16:14:59

Borja Vereza Fraiz na data 13/01/2021 16:15:26

José Antonio Armada Pérez na data 13/01/2021 16:15:46

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/01/2021 16:16:06

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 16:16:25

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/01/2021 16:16:39

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/01/2021 16:17:01



A Mesa do Parlamento

Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Por todos son coñecidos os beneficios da eficiencia enerxética, pois non hai enerxía máis limpa e económica que a que non se consume, polo que cada vez reviste maior importancia para todas as institucións o fomento do aforro enerxético.

Os líderes da Unión Europea estableceron en 2007 o obxectivo de reducir, a máis tardar en 2020 o consumo anual de enerxía da Unión nun 20%. En 2018, como parte do paquete de medidas de Enerxía limpas para todos os europeos, estableceuse un novo obxectivo consistente nunha mellora da eficiencia enerxética dun 32,5% no horizonte de 2030, no marco de actuación en materia de clima e enerxía.

Un obxectivo que o Plan Nacional Integrado de Enerxía y Clima (PNIEC) aprobado polo executivo central eleva ata 39,6%.

Así pois Galicia, do mesmo xeito que o resto de España, ten que, seguir intensificando os esforzos para mellorar os nosos niveis de eficiencia enerxética, o que, sen dúbida, resultarán un medio moi valioso para superar estes retos.

Neste ano 2020, son múltiples as convocatorias de axudas promovidas pola Xunta de Galicia para fomentar a eficiencia enerxética, que se suman ás dirixidas a apoiar o uso das enerxías renovables, que deberán supoñer o 42% no consumo final bruto segundo o PNIEC.

Axudas a particulares para a instalación de enerxías renovables en zonas rurais, para instalación de biomasa, axudas tamén para a renovación de electrodomésticos que permitan avanzar cara unha economía máis verde e incluso enmarcando no plan de reactivación económica cunha liña para impulsar as novas tecnoloxías impulsando a domótica enerxéticas nas vivendas.



Axudas a empresas, pemes e autónomos, de forma que se reforce o tecido industrial galego, pois un horizonte enerxético verde, innovador e sostible contribuirá a diferenciar o valor dos produtos reforzando a súa identidade permitindo unha maior proxección internacional.

Axudas tamén para a propia Administración da Xunta de Galicia, Concellos e mesmo ás Universidades Galegas como exemplo no fomento da eficiencia enerxética e a enerxía limpa.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué valoración fai o Goberno Galego, das axudas do INEGA para impulsar o aforro e a eficiencia enerxética e as enerxías renovables nas empresas, nos particulares e mesmo na Administración?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/01/2021 16:18:06

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2021 16:18:28

Borja Vereza Fraiz na data 13/01/2021 16:18:47

José Antonio Armada Pérez na data 13/01/2021 16:19:08

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 16:19:36

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/01/2021 16:20:01

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/01/2021 16:20:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Vereas Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O pasado mes de setembro, o Vicepresidente económico e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, visitaba acompañado da Conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, as instalacións do centro de formación e ao novo taller de baterías da factoría de PSA en Vigo, e destacaba ante os medios de comunicación as previsións do sector galego da automoción para o último trimestre do ano cualificando ditas previsións como “alentadoras”, toda vez que permitirán seguir avanzando no desenvolvemento do vehículo eléctrico e autónomo.

Na súa visita o Vicepresidente económico destacou a aposta que PSA está a facer polo vehículo eléctrico, tanto no referente á I+D+i como no que ten que ver coas infraestruturas. Conde salientou que dende estas instalacións, que ampliaron a súa capacidade, a factoría de Vigo subministra 300 baterías diarias para os vehículos que o grupo fabrica en toda España.

O Vicepresidente económico explicou que, pese á pandemia, a factoría de Balaídos está ao máximo da súa capacidade e está en condicións de conseguir un volume de produción similar ao do ano 2019, cunha produción total de 400.000 vehículos. Escenario que permite albiscar o horizonte con optimismo, tendo en conta que o dato de exportacións de xullo de automoción apunta a unha subida do 74,6 por cento con respecto ao mesmo mes do ano pasado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que avaliación fai o Goberno Galego da situación actual na que se atopa o sector da automoción galego?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/01/2021 16:21:06

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/01/2021 16:21:26

Cristina Sanz Arias na data 13/01/2021 16:21:43

Borja Vereza Fraiz na data 13/01/2021 16:22:03

José Antonio Armada Pérez na data 13/01/2021 16:22:23

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 16:22:44

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/01/2021 16:22:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas a existencia de recurso eólico no noso territorio e a un marco regulador que favoreceu a implantación de centrais eólicas.

Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo, chegou a falla de aposta polo sector, unido á inseguridade xurídica creada polo novo Goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado isto ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, chegou a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha perda millonaria no investimento en Galicia e a creación de miles de postos de traballo.

No ano 2019, volveu a Galicia o crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica, foi resultado dun marco regulador moi determinado, sobre todo a declaración de utilidade pública para os proxectos e a afectación dos terreos, que foi determinante nos distintos procesos de expropiación, este marco regulador tivo aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero introduciu desigualdades na negociación e unha falla de transparencia cara os propietarios, comunidades rurais e concellos.

En moitos lugares o éxito no crecemento da instalación de parques eólicos, foi consecuencia da falla de oposición social, derivada dunha alta participación comunitaria e individual, pero en Galicia conseguiu levar a cabo sen dita participación, causando co tempo conflitos sociais e medioambientais, como



figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado hai poucas datas e as mobilizacións sociais que existen polos concellos afectados e polo que cómpre actuar.

Nestes momentos no que o sector está a experimentar un relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é importante non repetir os erros cometidos no pasado, equilibrando a negociación entre as empresas promotoras e os propietarios, nun proceso transparente que sexa unha ferramenta máis para loitar contra o despoboamento do noso rural.

O marco regulador concede ao promotor a posibilidade de camiñar cara á expropiación, coa solicitude de declaración de utilidade pública dos parques, incidindo negativamente sobre os propietarios na negociación sobre as rendas que lles pagan, ademais a Administración autonómica non fomenta mecanismos de transparencia e información cara aos propietarios, comunidades locais e concellos.

Polos motivos expostos, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cre o Goberno galego que co marco regulador actual, os concellos, as comunidades rurais e de montes e a veciñanza en xeral está informada e asesorada para poder negociar con garantías cos promotores eólicos?
- 2ª) Cren na necesidade de fomentar un contrato tipo e unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións?
- 3ª) Ve necesario fomentar fórmulas de negociación entre propietarios e promotores, previas ao inicio dun procedemento expropiatorio, co fin de favorecer unha negociación equilibrada?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/01/2021 16:38:57





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2021 09:30:00
Nº Registro: 7875
Data envío: 13/01/2021 16:40:15.716

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/01/2021 16:39:11

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGMVYgbjg5B9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Mariña lucense, motor económico fundamental da provincia de Lugo, leva moito tempo facendo unha chamada de auxilio ás distintas administracións públicas para que non a deixen morrer.

Esta chamada de auxilio materializouse unha vez máis, a finais de xuño deste ano, nunha multitudinaria manifestación en Burela, convocada polas centrais sindicais UXT, CCOO e CIG, na que se reclamaba un futuro para a Mariña de Lugo e se pedían melloras en infraestruturas, en servizos, en sanidade, en educación, en industria, nos sectores primarios ...

Tendo en conta a crise industrial e de emprego que se está a sufrir na Mariña desde hai tempo co peche de grandes empresas xeradoras de emprego nos últimos anos como Ecar, Maderas Lorenzo, ECESA, Gres Burela, IPV, Macesa, Conservas Alonso, Muebles Hermida, e outras moitas empresas pequenas, comercios e autónomos que tamén tiveron que baixar a persiana dos seus negocios. E todo iso, agravado pola posibilidade de peche da factoría de Aluminio de San Cibrao, en proceso de venda da multinacional estadounidense Alcoa á firma Liberty House grazas a intervención do Estado.

Esta crise industrial e de emprego que xa se viña vivindo na Mariña desde hai tempo agravouse coa crise provocada pola covid-19, e máis se temos en conta que esta comarca sufriu ao longo do mes de xullo deste ano maiores restricións sanitarias que o resto de Galicia, xa que a Xunta de Galicia decretou a principios dese mes o peche dos accesos ao distrito sanitario da Mariña (por certo, medida empregada pola Xunta de Galicia unicamente para esta comarca) e posteriormente limitou esa restrición só ao concello de Burela, provocando grandes perdas económicas. Nesta situación faise necesario e urxente un plan de reconstrución propio e exclusivo desta comarca. A Xunta de Galicia non pode desatender esta comarca ante a difícil situación que está a atravesar. A Mariña lucense ten que ter unha atención especial nesta lexislatura. Por iso é imprescindible que a Xunta probe un Plan de reconstrución consensuado coa oposición, coas entidades locais da Mariña lucense, así como cos axentes sociais



e económicos da comarca, que conteña unha estratexia de reactivación económica dela. O dito plan debe de conter como mínimo:

- Plan de industrialización. Os gobernos de Núñez Feijóo non investiron nin un só euro en modernizar e impulsar medidas industriais para A Mariña, cando a propia Xunta de Galicia ten competencias plenas nesta materia como así lle outorga o Estatuto de autonomía de Galicia.
- Potenciación do noso turismo: tanto interior como de costa.
- Medidas de apoio á hostalería e restauración.
- Medidas de apoio aos sectores primarios: agricultura, gandería, pesca, forestal .
- Axudas a autónomos e a pequenas e medianas empresas.

Ante esa situación as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que medidas adoptou e cales ten previsto aprobar o Goberno galego para a reactivación económica da Mariña lucense?
- 2ª) Ten pensado o Goberno galego aprobar un plan específico para a reconstrución económica da Mariña lucense, que conteña unha estratexia para a súa reactivación económica?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 17:49:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2021 17:49:19

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2021 17:49:33



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A Mariña lucense, motor económico fundamental da provincia de Lugo, leva moito tempo facendo unha chamada de auxilio ás distintas administracións públicas para que non a deixen morrer.

Esta chamada de auxilio materializouse unha vez máis, a finais de xuño deste ano, nunha multitudinaria manifestación en Burela, convocada polas centrais sindicais UXT, CCOO e CIG, na que se reclamaba un futuro para a Mariña de Lugo e se pedían melloras en infraestruturas, en servizos, en sanidade, en educación, en industria, nos sectores primarios ...

Tendo en conta a crise industrial e de emprego que se está a sufrir na Mariña desde hai tempo co peche de grandes empresas xeradoras de emprego nos últimos anos como Ecar, Maderas Lorenzo, ECESA, Gres Burela, IPV, Macesa, Conservas Alonso, Muebles Hermida e outras moitas empresas pequenas, comercios e autónomos que tamén tiveron que baixar a persiana dos seus negocios. E todo iso, agravado pola posibilidade de peche da factoría de Aluminio de San Cibrao, en proceso de venda da multinacional estadounidense Alcoa á firma Liberty House gracias a intervención do Estado.

Esta crise industrial e de emprego que xa se viña vivindo na Mariña desde hai tempo agravouse coa crise provocada pola covid-19, e máis se temos en conta que esta comarca sufriu ao longo do mes de xullo deste ano maiores restricións sanitarias que o resto de Galicia, xa que a Xunta de Galicia decretou a principios dese mes o peche dos accesos ao distrito sanitario da Mariña (por certo, medida empregada pola Xunta de Galicia unicamente para esta comarca) e posteriormente limitou esa restrición só ao concello de Burela, o que provocou grandes perdas económicas. Nesta situación faise necesario e urxente un plan de reconstrución propio e exclusivo desta comarca. A Xunta de Galicia non pode desatender esta comarca ante a difícil situación que está a atravesar. A Mariña lucense ten que ter unha atención especial nesta lexislatura. Por iso é imprescindible que a Xunta probe un Plan de reconstrución consensuado coa oposición, coas entidades locais da Mariña lucense, así como cos axentes sociais



e económicos da comarca, que conteña unha estratexia de reactivación económica dela. O dito plan debe de conter como mínimo:

- Plan de industrialización. Os gobernos de Núñez Feijóo non investiron nin un só euro en modernizar e impulsar medidas industriais para A Mariña, cando a propia Xunta de Galicia ten competencias plenas nesta materia como así lle outorga o Estatuto de autonomía de Galicia.
- Potenciación do noso turismo: tanto interior como de costa.
- Medidas de apoio á hostalería e restauración.
- Medidas de apoio aos sectores primarios: agricultura, gandería, pesca, forestal .
- Axudas a autónomos e a pequenas e medianas empresas.

Ante esa situación as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas adoptou e cales ten previsto aprobar o Goberno galego para a reactivación económica da Mariña lucense?

2ª) Ten pensado o Goberno galego aprobar un plan específico para a reconstrución económica da Mariña lucense, que conteña unha estratexia para a súa reactivación económica?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 17:51:57

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2021 17:52:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno central incluíu no proxecto de orzamentos unha partida de 50 millóns de euros para bonificacións na autoestrada AP9 para usuarios habituais. Trátase sen lugar a dúbidas dun paso adiante, que se ten que concretar coa aplicación, no prazo de tempo máis curto posíbel, dun sistema que supoña o abaratamento dunha infraestrutura que artella o país de norte a sur e cuxo uso supón un elevado custo para as persoas usuarias.

Para o BNG, a xestión da AP 9, o veto do PP á transferencia, as peaxes abusivas, as escasas medidas de bonificación para profesionais e persoas traballadoras que son usuarias habituais, as compensacións a AUDASA polas obras de ampliación da capacidade en Rande e Compostela, a ampliación da concesión a 75 anos (mentres outras autoestradas da mesma época son liberadas de peaxes) son expresións dunha discriminación e dun agravio que non pode manterse máis no tempo. Por iso, tanto a transferencia da autoestrada, como a redución das peaxes, a asunción das subas anuais extraordinarias nos orzamentos do Estado ou a eliminación da peaxe entre Redondela e Vigo foron demandas reiteradas do BNG e puntos clave da negociación co PSOE para o acordo de investidura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais de non renunciar a ningunha destas demandas, incluíndo a transferencia da autoestrada a Galiza, vemos con preocupación como a concesionaria reclama ao Estado cantidades millonarias por obras de ampliación da capacidade en Rande e Compostela, gastos de amortización do investimento e compensacións pola baixada de ingresos no caso dos convenios de gratuidade da viaxe de volta entre Pontevedra e Vigo; novas obras de adaptación de túneles á nova normativa de seguridade; cumprimento das sentenzas xudiciais que anulan o sistema implantado para computar a peaxe na sombra en Rande e A Barcala; e cumprimento da sentenza polo cobro abusivo das peaxes como consecuencia das obras de Rande.

Tanto a Xunta de Galiza como sobre todo o goberno central deben velar polos intereses xerais e discutir estas reclamacións excesivas e abusivas da concesionaria, así como denunciar ou renegociar convenios abusivos como o da suba do 1% acumulativa durante 20 anos, que supón un claro exemplo de enriquecemento ilícito para a concesionaria. En todo caso, consideramos que se debe evitar o procedemento das subas extraordinarias de peaxes, que virían a aumentar o agravio e a discriminación que sofren as persoas usuarias da AP 9.

Polo exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre a previsión dunha partida de 50 millóns de euros nos orzamentos do Estado para a aplicación de bonificacións e descontos a persoas usuarias da autoestrada AP9?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Considera o goberno galego que esta opción mellora a proposta pola Xunta de Galiza en decembro de 2019?

3. Vai demandar o goberno galego diante do goberno do Estado a transferencia da AP9 e o rescate da concesión?

4. Está dacordo o goberno galego na non aplicación de subas extraordinarias de peaxes derivadas dos convenios asinados entre o Ministerio de Fomento e a concesionaria?

5. Que estudos e negociacións houbo entre o goberno galego e o Ministerio de Fomento en relación coa supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, a urbanización do treito de acceso a Vigo en Teis, as melloras e as melloras nas parroquias de Chapela e Teis?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2021 16:44:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2021 16:44:45

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2021 16:44:53



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6^a.

A pandemia producida pola covid-19 puxo de manifesto a urxencia dalgunhas reformas que a día de hoxe son inevitables e imparables. O confinamento pola covid-19 que implicou, entre outras medidas, a necesidade de empregar preferentemente o teletraballo, así como o peche de escolas, puxo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo e a posibilidade de traballar desde as nosas casas.

Por exemplo, no relativo aos peches das escolas e ao confinamento dos alumnos e alumnas nas súas casas esíxenos unha resposta para manter en funcionamento o servizo público educativo en igualdade de oportunidades para todo o alumnado da provincia. O sistema educativo ten o deber e a necesidade de garantir a igualdade do alumnado, así como a equidade e a calidade educativa e ao mesmo tempo facer efectiva a posibilidade de que cada estudante desenvolva o máximo das súas potencialidades, con independencia de onde resida.

Un caso similar acontece co traballo en liña, nestes intres son necesarios mecanismos para facilitar este medio de traballo en calquera parte do territorio, e máis se cabe agora que a situación de excepcionalidade que estamos a afrontar, e que esixe pensar e prever para o futuro.

Na provincia de Lugo, sobre todo no rural, moitos veciños e veciñas carecen ou teñen mala cobertura de telefonía móbil e internet, o que supón unha discriminación social, que incide directamente na perda de emprego e no despoboamento do rural.

Nos tempos que vivimos, os socialistas da provincia de Lugo consideramos un dereito ter unha sinal adecuada de telefonía móbil e internet, vivas onde vivas. A dixitalización do mundo rural é clave para o seu desenvolvemento, tanto para avanzar en competitividade e sostibilidade, como para facer fronte ao despoboamento. Para acadar estes obxectivos é fundamental superar a fenda dixital que existe entre o rural e o urbano. Esta dixitalización ten que se converter nunha prioridade se de verdade queremos apostar dun xeito real e decidido polo



noso rural, e non só con *slogans* e propaganda como adoita facer o Partido Popular de Galicia.

As axudas europeas aprobadas para a recuperación económica trala pandemia destinan fondos para a dixitalización e melloras de infraestruturas tecnolóxicas, co fin de que tanto as empresas como a cidadanía estean máis e mellor preparados, e buscan garantir unha conexión dixital adecuada ao 100 % da poboación con independencia do seu lugar de residencia. Por iso é preciso que os fondos europeos destinados á dixitalización que se van transferir ás comunidades autónomas vaian condicionados tendo en conta ás entidades locais, é dicir, á deputación e aos concellos da provincia de Lugo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia aprobar un Plan de dixitalización para o rural da provincia de Lugo, tendo en conta ás entidades locais, é dicir, a Deputación Provincial de Lugo e os concellos da provincia, de ser o caso, en que prazos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 18:20:58

Martín Seco García na data 12/01/2021 18:21:13

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2021 18:21:28



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

En Burela hai unha necesidade urxente dunha nova depuradora de augas residuais (EDAR). É un problema que arrastran os veciños e veciñas de Burela desde hai anos.

Xa en decembro do ano 2011 o por aquel entón alcalde, o señor Barcia, admitía problemas case a diario coa depuradora de augas residuais e quería unha nova para o concello.

En abril de 2015 Augas de Galicia detectaba incumprimentos na dita depuradora.

En agosto de 2018 a UE avisaba a España por fallos na depuración en varios concellos galegos, entre eles o de Burela.

As primeiras informacións apuntaban a que as novas instalacións da EDAR poderían estar en funcionamento no ano 2017, pero os traballos fóronse dilatando e a día de hoxe seguen pendentes, correndo o risco serio de que se non se rematan estas obras en prazo se perdan fondos europeos.

A directora de Augas de Galicia dixo na súa comparecencia na Comisión de Orzamentos da Xunta para o 2020, que nese ano se finalizará a redacción do proxecto de saneamento, orzamentando para iso 250.001 €. Estamos a falar dunha obra que se prevé que rolde os 9.000.000 €.

Ante esta situación é preciso unha actuación urxente, xa que a perda dos fondos comunitarios comprometería seriamente a viabilidade da nova depuradora de augas residuais.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os prazos que manexa a Xunta de Galicia para a construción da nova depuradora de augas residuais de Burela?



2ª) Considera a Xunta de Galicia que cos prazos que baralla para a construción da nova EDAR de Burela se poñen en perigo os fondos europeos previstos para esta construción?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 18:25:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2021 18:25:52



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Apoiar ao rural precisa de investimentos que permitan desenvolver a súa economía e que permitan tamén fixar poboación, e neste caso o arranxo dos 5 Km da LU-741, de competencia autonómica, no termo municipal da Pontenova que une a Pontenova coa Fonsagrada sería un impulso importante para as empresas que radican na zona, máis necesario agora se cabe pola crise producida pola covid19, e ademais melloraría a seguridade da estrada.

Apostar polo rural é tamén apostar por unhas boas vías de comunicación, e neste caso este tramo da LU-741, que enlaza coa LU-P-1904, presenta serias deficiencias para circular polo dito tramo. Este treito presenta unha grave deterioración no firme, unha situación que empeorou nos últimos anos. Na zona hai varias empresas con moita actividade diaria, e a mala situación desta estrada, prexudica, polo tanto, a economía do Concello da Pontenova.

Realizar os arranxos necesarios nesta estrada amosaría un compromiso real cos veciños e veciñas da Pontenova por parte da Xunta de Galicia. Compromiso si demostrado pola Deputación Provincial de Lugo, que no ano 2018, fixo os arranxos necesarios na estrada LU-P-1904 que une A Pontenova coa Fonsagrada, obras consistentes en asfaltado da estrada, ampliación e limpeza de cunetas, ademais da instalación de novas sinais para melloralas seguridade nese tramo.

É urxente que se arranxen eses 5Km da estrada autonómica LU-741 no termo municipal da Pontenova porque ademais de ser perigoso para os usuarios desta estrada prexudica a actividade diaria das empresas asentadas na zona.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora a Xunta de Galicia o estado da estrada LU-741, no tramo que descorre polo concello da Pontenova, que une A Pontenova coa Fonsagrada?
- 2ª) Considera a Xunta de Galicia que é un tramo seguro para as persoas usuarias que a empregan?
- 3ª) Non considera que a mala situación desta estrada ten unha incidencia negativa sobre o tecido industrial do concello da Pontenova?



4ª) Que pensa facer a Xunta de Galicia ante o mal estado da estrada LU-741 no tramo que descorre polo concello da Pontenova, que une A Pontenova coa Fonsagrada e que enlaza coa LU-P- 1904?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 18:27:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2021 18:27:42



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A residencia de maiores de Burela xestionada pola Xunta de Galicia conta con 88 prazas, 58 para residentes autónomos e 30 para residentes dependentes.

Familiares de usuarios desta residencia veñen reivindicando (xa levan recollidas a día de hoxe máis de 1.000 sinaturas apoiando esta petición) a necesidade de dotala dun patio exterior ao aire libre, que poida ser empregado polos usuarios.

Agora que nos atopamos coas limitacións da covid-19 que impide aos seus usuarios poder saír da residencia, as familias dos usuarios fan esta petición xa que alegan que estar sempre encerrados está afectando psicoloxicamente ás persoas usuarias que se atopan ben e que estaban acostumados a realizar saídas diarias.

Os familiares das persoas residentes reivindican que estes maiores conten cun patio exterior no que poidan tomar o sol ou estirar as pernas, nestes momentos nos que a pandemia da covid-19 lles impide saír do centro, manténdoos dentro dunhas instalacións que non contan con ningún espazo exterior. Declaran estes familiares que: “É unha residencia aberta na que as persoas maiores que están ben poden saír, pero coa covid-19 só saíron os días 23 e 24 de xuño porque despois pecharon co rebrote que houbo na comarca e agora puideron facelo 15 días de agosto e volveron a pechar polo aumento dos casos”.

Representantes do grupo de familiares de usuarios da residencia de maiores de Burela reuníronse co Goberno do Concello de Burela, que mostrou o seu apoio a esta reivindicación, así como a colaboración precisa para que este proxecto se converta nunha realidade.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Xunta de Galicia que a residencia de maiores de Burela precisa dun patio exterior ao aire libre?

2ª) Que ten previsto realizar a Xunta de Galicia para paliar esta deficiencia?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 18:29:10

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2021 18:29:22

Marina Ortega Otero na data 12/01/2021 18:29:31



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Hai máis dunha década, o 8 de abril de 2010, aprobábase nesta Cámara, por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, na que xa se lle reclamaba ao Goberno da Xunta de Galicia oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeas.

O ano 2010 era Ano Santo, e que a iniciativa fora presentada polo PP, o partido no Goberno autonómico, circunstancias estas que fixeron albergar daquela esperanzas de que o recoñecemento se acadase con rapidez. Cabe entender que a inacción provocase, un ano despois, a queixa de colectivos e asociacións, e a decisión da Deputación Provincial de Lugo de darlle un impulso ao expediente, e así o Goberno da Deputación de Lugo levou a Pleno unha proposta, en data 26 de xullo de 2011, na que se lle solicitaba á Xunta de Galicia que recoñecese como rutas xacobeas oficiais a do Camiño do Mar, na Mariña lucense, e o Camiño de Inverno, que pasa pola Ribeira Sacra. Proposta esta aprobada tamén por unanimidade.

O Camiño do Mar segue sen ser recoñecido dun xeito oficial a pesar da aprobación por unanimidade daquela iniciativa parlamentaria do PP do ano 2010. A pesar do traballo de divulgación levado a cabo por asociacións históricas, turísticas, de veciños ou de comerciantes, así como pola Asociación de Amigos do Camiño na provincia de Lugo. E tamén a pesar das reclamacións efectuadas polos alcaldes e alcaldesas da Mariña ao longo destes 10 anos.

Impulsar o Camiño do Mar é fundamental para impulsar a actividade turística que representa un papel determinante na dinamización económica. E hoxe é máis urxente que nunca, por mor do espacial impacto da covid-19 na Mariña, que precisa dunha aposta decidida de recuperación económica de todos os sectores produtivos. Dun xeito moi especial, dun turismo moi golpeado polas limitacións impostas debido ás necesidades sanitarias.

Ao longo dos anos a Xunta foi recoñecendo as dez rutas que agora mesmo figuran na *web* oficial do Xacobeo.

Chama a atención que o Camiño do Mar quede excluído cando o seu trazado, entre Ribadeo e Neda, o convertía no punto de unión entre outros dous camiños xa recoñecidos: o do Norte e o Inglés. Do seu percorrido entre Ribadeo e Cedeira consérvanse case que a totalidade de establecementos hospitalarios de atención aos viaxeiros, como os hospitais de Ribadeo, San Martiño, Cervo, Celeiro, ou Santiago de



Viveiro. Enterramentos e documentos episcopais deixan tamén testemuña histórica da pegada dos peregrinos na Mariña.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado a Xunta de Galicia oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeana e incluíla nas accións de promoción turística e reactivación económica ligadas á celebración do ano Xacobeo 2021?

2ª) Cales foron os motivos polos que a Xunta de Galicia non oficializou o Camiño do Mar como ruta xacobeana, a pesar de existir un acordo unánime desta Cámara de hai máis de 10 anos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 18:32:10

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2021 18:32:31

Martín Seco García na data 12/01/2021 18:32:44



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Hai máis dunha década, o 8 de abril de 2010, aprobábase nesta Cámara, por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, na que xa se lle reclamaba ao Goberno da Xunta de Galicia oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá.

O ano 2010 era Ano Santo, e que a iniciativa fora presentada polo PP, o partido no Goberno autonómico, circunstancias estas que fixeron albergar daquela esperanzas de que o recoñecemento se acadase con rapidez. Cabe entender que a inacción provocase, un ano despois, a queixa de colectivos e asociacións, e a decisión da Deputación Provincial de Lugo de darlle un impulso ao expediente, e así o Goberno da Deputación de Lugo levou a Pleno unha proposta, en data 26 de xullo de 2011, na que se lle solicitaba á Xunta de Galicia que recoñecese como rutas xacobeas oficiais a do Camiño do Mar, na Mariña lucense, e o Camiño de Inverno, que pasa pola Ribeira Sacra. Proposta esta aprobada tamén por unanimidade.

O Camiño do Mar segue sen ser recoñecido dun xeito oficial a pesar da aprobación por unanimidade daquela iniciativa parlamentaria do PP do ano 2010. A pesar do traballo de divulgación levado a cabo por asociacións históricas, turísticas, de veciños ou de comerciantes, así como pola Asociación de Amigos do Camiño na provincia de Lugo. E tamén a pesar das reclamacións efectuadas polos alcaldes e alcaldesas da Mariña ao longo destes 10 anos.

Impulsar o Camiño do Mar é fundamental para impulsar a actividade turística que representa un papel determinante na dinamización económica. E hoxe é máis urxente que nunca, por mor do espacial impacto da Covid-19 na Mariña, que precisa dunha aposta decidida de recuperación económica de todos os sectores produtivos. Dun xeito moi especial, dun turismo moi golpeado polas limitacións impostas debido ás necesidades sanitarias.

Ao longo dos anos a Xunta foi recoñecendo as dez rutas que agora mesmo figuran na *web* oficial do Xacobeo.

Chama a atención que o Camiño do Mar quede excluído cando o seu trazado, entre Ribadeo e Neda, o convertía no punto de unión entre outros dous camiños xa recoñecidos: o do Norte e o Inglés. Do seu percorrido entre Ribadeo e Cedeira consérvanse case que a totalidade de establecementos hospitalarios de atención aos viaxeiros, como os hospitais de Ribadeo, San Martiño, Cervo, Celeiro, ou Santiago de



Viveiro. Enterramentos e documentos episcopais deixan tamén testemuña histórica da pegada dos peregrinos na Mariña.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado a Xunta de Galicia oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeá e incluíla nas accións de promoción turística e reactivación económica ligadas á celebración do ano Xacobeo 2021?

2ª) Cales foron os motivos polos que a Xunta de Galicia non oficializou o Camiño do Mar como ruta xacobeá, a pesar de existir un acordo unánime desta Cámara de hai máis de 10 anos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 18:34:29

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2021 18:34:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2021 18:35:05



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O polbo é un recurso de gran importancia para a frota de baixura en Galicia xa que son moitas as embarcacións, cerca de 800, que dependen desta especie para garantir unha conta de resultados positiva na súa empresa pesqueira.

Aínda non se sabe exactamente como rematará o exercicio pero tanto administracións, coma científicos e pescadores coinciden en que será o peor ano da historia. O sector fala de que con esta pesqueira actual do polbo están no 10 % do peor ano desde que existen rexistros. Xa nos primeiros dez días tras a veda as capturas desta especie pola frota galega caeron un 85 %. Máis datos que corroboran esta baixada de capturas: o primeiro día de levantamento trala veda en 2015 capturáronse 5.000 kg, no 2019 non chegou aos 2.500 kg e no 2020 só 500 kg.

Meses con capturas mínimas de polbo e parece que a Consellería do Mar non lle interesa abordar o problema do futuro desta pesqueira, tratando este trimestre de pesca, como un trimestre normal, obviando a baixada alarmante de capturas. Ademais a Consellería do Mar non lle está a trasladar ao sector afectado nas medidas que está a traballar, tendo só esta información pola prensa.

En xullo deste ano o sector propuxo diversas actuacións para paliar esta escaseza do recurso: por unha banda que se decretase unha paralización da actual campaña (ata setembro ou outubro) e por outra, que se articulasen medidas compensatorias para os naseiros durante estes meses.

Polo tanto, o sector o que reclama son novas medidas que contribúan a mellorar o estado do recurso, e que se implementen novas accións que sirvan para frear o descenso de capturas.

Entendemos por iso que é fundamental que o sector participe na toma de decisións na xestión dos recursos, e parece que nesta pescaría non está a acontecer.



Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que información posúe o Goberno galego sobre a situación do polbo en Galicia?
- 2ª) Que medidas se adoptarán por parte do Goberno galego para a recuperación do polbo?
- 3ª) Considera o Goberno galego que o plan de xestión do polbo posto en marcha por parte da Consellería do Mar están a dar os resultados previstos?
- 4ª) Están a se aplicaren todos os controis para loitar contra a actividade ilegal e o furtivismo no polbo?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 18:36:41

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2021 18:36:55



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

